Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 3

Tema 04

Billy e o vestido rosa

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Ao longo desta unidade, os nosos alumnos traballarán cos contidos que detallamos seguidamente:

- Lectura dun texto narrativo e resolución de actividades de análise da orde dos acontecementos da narración.
- Identificación do número dos nome e formación do plural.
- Aprendizaxe da ortografía de palabras con **h**.
- Aprendizaxe do que son os sufixos.
- Elaboración de fichas de lectura.
- Exposición oral de opinións sobre libros.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Resposta persoal. Por algún motivo que ignoramos, Billy aparece sorprendido mirando o seu pelo longo diante dun espello e levando un vestido rosa con lazos como se fora unha nena. Pode estar soñando, terse disfrazado, etc.

– Resposta persoal.

– Resposta pesoal. A observación da ilustración non nos informa sobre o motivo polo que Billy está enfadado. Imaxinamos que o outro neno que aparece xunto a el fixo ou dixo algo que lle molestou.

1. Resposta persoal. Podemos considerar que as palabras que Billy lle dixo a Manu son correctas, aínda que debería ter evitado mostrar tan acedamente o seu enfado. Podería dicir o mesmo nun ton máis amable.

Actividades de reforzo

1. Pedirémoslles aos nosos alumnos que reflexionen sobre os sentimentos que Billy, o personaxe da lectura, experimenta ao longo da narración.

Organizaremos os nenos por parellas e pedirémoslles que volvan ler a lectura para localizar os adxectivos que describen o estado de ánimo de Billy.

4 Billy e o vestido rosa

Antes de ler

- **Que cres que lle pode ocorrer a Billy?**
- **Soñaches algunha vez que eras outra persoa?**
- **Observa a última ilustración. Por que Billy está anoxado?**

Cando Billy espertou o luns pola mañá, descubriu que se convertera nunha nena. Aínda estaba diante do espello mirándose, abraiado, cando entrou a súa nai coma un lóstrego.

–Por que non te pos este vestido rosa tan lindo? –preguntou.

–Non levo nunca vestidos! –exclamou Billy indignado.

–Xa o sei –dixo súa nai–. É unha verdadeira mágoa.

Ante o asombro de Billy, e antes de que tivese tempo de protestar, metéralle o vestido pola cabeza e subíralle a cremalleira do costado.

–Abrocha ti os botonciños de nácara –díxolle–. Son un pouco raiantes e a min xa se me está facendo tarde para ir traballar.

E saíu coa mesma rapidez coa que entrara, deixándoo desconsolado diante do espello, no que se reflectía unha nena co seu mesmo pelo rizado cor cenoria, e un vestidiño rosa con pregues e botonciños de nácara, que o miraba coa mesma cara de desconsolo.

–Non pode ser –dixo Billy–. Non pode ser!

Saíu do seu cuarto xusto cando pasaba o seu pai ás carreiras, tamén chegaba tarde ao traballo pero inclinouse e deulle un bico na meixela.

–Adeus, ceo –dixo, remexéndolle os rizos–. Hoxe vas máis elegante ca nunca. Poucas veces te vemos cun vestidiño, non si?

Baixou correndo as escaleiras e saíu da casa tan ás présas que non puido ver a cara de Billy nin oír o que **murmuraba**.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar e expor a información que transmite unha das ilustracións que acompañan un relato. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición de léxico a través da lectura de relatos e dos glosarios que acompañan as lecturas. Lectura.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa. Imaxinar ou anticipar desenvolvementos ou conclusións.	Participar nunha conversa sobre os desexos personais relacionados cun relato. *Antes de ler.* Comentar e anticipar de forma imaxinativa a actitude dun personaxe dun relato. Lectura, Pregunta 1.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo sobre o que lle pode ocorrer a un personaxe respectando as opinións alleas. *Antes de ler.*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Bela, a gata, non pareceu notar ningunha diferenza. Exactamente igual ca sempre, **rosmando**, refregou contra os seus nocellos o seu corpo suave e peludo.

Despois, Billy púxose a almorzar os seus cereais con leite coma todos os días, convencido de que todo aquilo era inevitable.

Billy preparou as cousas para marchar ao colexio. Quería levar unhas galletas no peto para comer polo camiño… Peto?

Comezou a buscar o peto por todo o vestido, buscou e buscou en calquera sitio onde puidese esconderse un. Nada. Metros e metros de tea. Pregues, lazos, **bodoques**, pero nin un só peto. Como podería sobrevivir cun vestido coma ese?

Saíu da casa á hora de todos os días. Non tiña outra alternativa. Aínda que todo era moi raro, as cousas ocorrían con total normalidade, coma nun soño.

Ou ao mellor coma nun pesadelo! Porque na esquina estaba Manu Matón, que sempre lle daba patadas.

Manu viuno vir e lanzou un asubío. Billy parou diante del e mirouno con ira.

–Asubiáchesme a min!

Manu contemplou con cara de asombro aquela aparición rosa que o miraba con expresión ameazadora.

–Porque –seguiu enfadado– eu non son un can. Son… –dubidou un intre sen saber moi ben como rematar a frase, e logo dixo triunfante–: Son unha persoa![1]

E dito isto, seguiu camiño ao colexio.

Anne FINE: *Billy y el vestido rosa* (tradución e adaptación).

murmurar: falar en voz baixa, normalmente para comentar algo con sixilio ou para queixarse.

rosmar: emitir sons roucos, propio dos gatos.

bodoque: adorno bordado en relevo.

1 Cres que Billy lle falou ben a Manu? Que lle terías dito ti?

Cando localicen estes adxectivos, faremos unha psota en común para comprobar que todos temos os mesmos.

A continuación, comentaremos se os sentimentos de Billy nos parecen adecuados ás situacións que vive e pensaremos como nos sentiriamos nós se nos ocorrese algo parecido.

Solución: Actividade persoal. Os adxectivos que describen o estado de ánimo de Billy son: *abraiado*, *indignado*, *desconsolado* e *enfadado*.

2. Encargarémoslles aos nenos que expliquen no seu caderno cal é a diferenza entre un soño e un pesadelo.

Para comprender ben a diferenza entre os dous, pedir´`emoslles que fagan un breve resumo dun soño que tiveran e que lles gustara e outro dun pesadelo que lles resultara angustioso.

Cando rematen, lerano en voz alta ante o resto dos compañeiros e comprobaremos se os soños e os pesadelos duns e doutros se parecen en algo ou son totalmente diferentes.

Solución: Actividade individual e posta en común en grupo.

Educamos en valores

Tratámonos ben

■ Na lectura dísenos que Manu Matón dáballe sempre patadas ao noso amigo Billy.

Reflexionaremos sobre a necesidade de nos tratar con respecto e como persoas:

– Tratades ben os vosos compañeiros?
– Gustaríavos que vos desen golpes ou patadas?
– *Cando vos enfadades con alguen, comentádesllo ou reaccionades con violencia?*

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/88020

Escoitaremos este vídeo,no que uns nenos de 4.º de Primaria recitan o poema “Pesadelo” de Xosé Mª Álvarez Blázquez.

Tamén leremos o poema e asegurarémonos da súa comprensión preguntando: Cando se producen os feitos do poema, de noite oude día? Que fai o poeta durante a noite? Que fan os ouriolos?

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado *Ler e comprender* destas páxinas aprenderemos a analizar a orde das accións que acontecen nunha narración e para isto realizaremos estas actividades:

- Resposta a algunhas preguntas sobre o contido da lectura.
- Identificación das características do pelo do protagonista da narración.
- Ordenación dunhas oracións de acordo co sucedido na lectura.
- Identificación do significado dunha expresión feita empregada na narración.
- Invención dun encontro do protagonista cun personaxe que inventemos.
- Invención dun final para a historia.
- Comentario en común de cal sería a nosa reacción se nos sucedera algo parecido ao que lle sucedeu a Billy.

Por outro lado, no apartado de *Gramática*, os nosos alumnos aprenderán a recoñecer o número dos nomes e a formar o plural a través destas actividades:

- Localización na lectura de cinco nomes en singular e cinco en plural.
- Compleción duns nomes a partir das imaxes que os representan e redacción de oracións con eles.

Ler e comprender

Aprenderás a analizar a orde das accións que acontecen nunha narración.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas no teu caderno:

- Que sentiu Billy cando espertou e se viu no espello?
- Cal é a actitude da súa nai e do seu pai?
- Como se chama a gata?
- Quen é Manu Matón?
- Que cres que pasará cando Billy chegue ao colexio?

2 Como ten Billy o pelo? Escribe no teu caderno a resposta correcta de entre as seguintes opcións:

- negro e liso
- cor cenoria e liso
- cor cenoria e rizado
- negro e rizado

3 Ordena no teu caderno as seguintes oracións segundo aparecen na lectura:

- Atopouse co seu pai e díxolle un piropo.
- Manu Matón asubioulle.
- A súa nai púxolle un vestido rosa.
- Non atopou ningún peto en todo o vestido.
- Unha mañá Billy espertou e decatouse de que se convertera nunha nena.
- Enfrontouse a Manu Matón.
- Foi camiño do colexio.

4 Escribe no teu caderno a opción que indique o mesmo que a expresión "a nai entrou coma un lóstrego":

- A nai entrou moi amodiño.
- A nai entrou moi apurada.
- A nai entrou botando lume.

5 Inventa un encontro de Billy con outro personaxe que non sexa Manu Matón. Podes facelo no ordenador.

6 Como cres que pode acabar a historia de Billy? Escríbeo no teu caderno.

7 Imaxina que a ti che ocorre o mesmo que a Billy. Como cres que reaccionarías? Comentade a situación co voso compañeiro ou compañeira.

38 Tema 4

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	1	Desenvolver a comprensión lectora do texto respondendo unhas preguntas de contido.
Intrapersoal	7	Comentar oralmente cun compañeiro unha posible reacción persoal a un feito que ocorre na lectura.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Dixital	Empregar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais con eficacia e habilidade.	Practicar a expresión escrita no ordenador inventando un encontro entre dous personaxes da lectura. Act. 5.
Aprender a aprender	Desenvolver a habilidade, a eficacia e a claridade na expresión escrita.	Crear unha situación imaxinaria anticipando como podería acabar a historia dun personaxe da lectura. Act. 6.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Imaxinar ou anticipar desenvolvementos e conclusións.	Expresar oralmente unha reacción persoal diante dunha mesma situación que un personaxe da lectura. Act. 7

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. As respostas son as que indicamos a continuación:

- Cando Billy espertou e se viu no espello sentiuse moi impresionado.
- A actitude dos seus pais é de total normalidade, como se non pasara nada estraño.
- A gata chámase Bela.
- Manu Tatón é un neno que sempre lle daba patadas a Billy.
- Resposta persoal. O máis lóxico é supor que todos os seus

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Gramática

Aprenderás a recoñecer o número dos nomes e formar o plural.

O número dos substantivos

Le o texto e fíxate nas palabras salientadas:

A hora do almorzo é moi importante. Podes almorzar diferentes cousas como froita, biscoito, galletas, cereais, leite ou torradas cun pouquiño de marmelada.

Un nome ou substantivo está en **singular** cando se refire a unha soa persoa, ser vivo ou cousa.

Un nome ou substantivo está en **plural** cando se refire a varias persoas, seres vivos ou cousas.

Pon atención á formación do plural dos nomes rematados en consoante:

- Cando o singular remata en **-z**, no plural muda **-z** por **-ces**: *luz* → *luces*.
- Cando o singular remata en **-l**, en palabras de máis de unha sílaba, o plural faise cambiando o **-l** por **-is**: *azul* → *azuis*.
- Cando o singular remata en **-n**, o plural faise engadindo **-s**: *corazón* → *corazóns*.
- Cando o singular remata noutra consoante calquera, o plural faise engadindo **-es**: *cor* → *cores*.



8 Busca na lectura e escribe no teu caderno cinco nomes en singular e cinco en plural.

9 Observa, completa e escribe unha oración no teu caderno con cada palabra:



noz ...

... papeis

botón ...

... tambores

compañeiros se estrañen ao ver a Billy convertido nunha nena.

2. Billy ten o pelo cor cenoria e rizado.

3. Ordenamos as oracións segundo aparecen na lectura:

– Unha mañá Billy espertou e decatouse de que se convertera nunha nena.
– A súa nai púxolle un vestido rosa.
– Atopouse co seu pai e díxolle un piropo.
– Non atopou ningún peto en todo o vestido.
– Manu Matón asubioulle.
– Enfrontouse a Manu Matón.
– Foi camiño do colexio.

4. A opción que indica o mesmo que a expresión "a nai entrou coma un lóstrego" é "a nai entroi moi apurada".

5. Actividade persoal.

6. Actividade persoal.

7. Actividade persoal.

Gramática

8. Actividade persoal. A modo de exemplo, suxerimos os seguintes nomes:

– *Nomes en singular:* espello, lóstrego, vestido, cabeza, cenoria.
– *Nomes en plural:* pregues, botonciños, carreiras, rizos, escaleiras.

9. Completamos as parellas de palabras do seguinte xeito:



noz noces

papel papeis

botón botóns

tambor tambores

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/42261

Consultaremos esta páxina web, na que acharemos nomes para formar o seu plural. A páxina tamén incorpora un botón de "Axuda", sobre o que podemos facer clic se necesitamos lembrar algunha regra.

Igualmente, se marcamos un nome concreto, aparecerá inmediatamente o seu plural.

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina, os nenos continuarán traballando co apartado de *Gramática* iniciado na páxina anterior, para o que resolverán as seguintes actividades:

- Escritura do plural dunha serie de palabras.
- Compleción de oracións con palabras en singular e en plural.
- Transformación de oracións cambiando o número dos nomes que aparecen nelas.
- Observación dunhas ilustracións e redacción de oracións en singular e en plural sobre elas.

Seguidamente, no apartado *Ortografía*, aprenderemos a escribir palabras con **h** e realizararemos estas actividades:

- Clasificación dun grupo de palabras que comenzan por **h**.
- Compleción de palabras con **h**.
- Identificación das palabras representadas nunhas fotografías e redacción de oracións con elas.

Solucións das actividades

Gramática

10. O plural destas palabras é o que indicamos a continuación:

flor → flores / campá → campás / comensal →comensais / perdiz → perdices / pastel → pasteis / pantalón → pantalóns / farol → farois / camión → camións / animal → animais / nariz → narices / cordel → cordeis / xardín → xardíns / irmán → irmáns / mes → meses / calor → calores.

11. Actividade persoal. A modo de exemplo,suxerimos completar as oracións da forma que indicamos:

– Na selva hai animais de gran tamaño.

– O meu pai é bo cociñeiro.

– As campás repicaron con forza ás doce.

– O meu xersei é remangado.

– Teño un xardín con moitas flores de cores.

– Xoán regaloume unhas flores vermellas.

Gramática

10 Escribe no teu caderno o plural das seguintes palabras:

- flor
- perdiz
- farol
- nariz
- irmán
- campá
- pastel
- camión
- cordel
- mes
- comensal
- pantalón
- animal
- xardín
- calor

11 Completa as oracións no teu caderno con palabras en singular ou en plural, segundo corresponda:

– Na selva hai … de gran tamaño.
– O meu … é bo cociñeiro.
– As … repicaron con forza ás doce.
– O meu … é remangado.
– Teño un … con moitas flores de cores.
– Xoán regaloume unhas … vermellas.

12 Escribe en singular as oracións que estean en plural e escribe en plural as oracións que estean en singular. Faino no teu caderno:

– Apaga a luz do balcón e imos comer un anaco de torta.
– O botón do vestido da miña irmá ten forma de flor.
– Hai uns meses que andaba buscando eses papeis.
– Os rapaces caeron xogando nos bambáns dos xardíns.
– O león que hai no zoolóxico é moi tranquilo.
– Meu curmán le o xornal pola mañá.
– A dependenta vendeu un lazo azul.

13 Observa os debuxos e escribe unha oración en plural e outra en singular de cada un deles. Faino no teu caderno:

40 Tema 4

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	11	Practicar o singular e o plural das palabras completando espazos en blanco de oracións.
Espacial	16	Observar, identificar e utilizar en oracións os nomes de dúas fotografías.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Identificar e empregar adecuadamente os elementos básicos da lingua. Intepretar e empregar diversos tipos de códigos e linguaxes.	Traballar no plural dos substantivos transformando una lista de palabras que en singular. Act. 10. Elaborar oracións en plural e en singular baseándose nunhas ilustracións. Act. 13.
Aprender a aprender	Establecer equivalencias, paralelismos ou outros tipos de relación de elementos diversos. Desenvolver estratexias e utilizar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua	Transformar en singular as oracións que están en plural e viceversa. Act. 12. Ler e identificar nunha lista de palabras todas aquelas que precisen levar a grafía *h* no seu inicio. Act. 15.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Ortografía

Aprenderás a escribir palabras con **h**.

Palabras con H

Le os nomes destes obxectos:

harmónica

helicóptero

hipopótamo

hora

A letra **h** é unha letra muda; non soa.

14 Le con atención as seguintes palabras e clasifícaas no teu caderno nunha táboa como a que segue:

- horrible
- humano
- horrendo
- hostal
- humilde
- hóspede
- humidade
- hospicio
- horror
- hospedar
- horripilante
- humanidade

comezan por hum-	comezan por horr-	comezan por hos-
...	horrible	...

15 Completa as seguintes palabras co **h** se o precisan. Faino no teu caderno:

- ...ospitalario
- ...umedecer
- ...umanitario
- ...armonía
- ...umidade
- ...infantil
- ...umor
- ...amigo
- ...eroe
- ...orta
- ...ostil
- ...ola

16 Observa as ilustracións, escribe os seus nomes no teu caderno e fai unha oración con cada un deles:

12. As oracións que obtemos ao transformar o número son:

- Apaga as luces dos balcóns e imos comer uns anacos de tortas.
- Os botóns dos vestidos das miñas irmás teñen formas de flores.
- Hai un mes que andaba buscando ese papel.
- O rapaz caeu xogando no bambán do xardín.
- Os leóns que hai nos zoolóxicos son moi tranquilos.
- Meus curmáns len os xornais polas mañás.
- As dependentas venderon uns lazos azuis.

13. Actividade persoal. Suxerimos:

a) María está colocando as flores no xarrón. / María sostén unha flor na súa man dereita.

b) Hai moitos pasteis para elixir. / Xan xa elixiu o pastel que lle gusta.

c) Os xogadores celebran o gol do seu equipo. / O gardameta non puido parar o gol.

Ortografía

14. A clasificación é:

- Comenzan por *hum–*: *humano*, *humilde*, *humidade*, *humanidade*.
- Comenzan por *horr–*: *horrible*, *horrendo*, *horror*, *horripilante*.
- Comenzan por *hos–*: *hostal*, *hóspede*, *hospicio*, *hospedar*.

15. Así completamos as palabras:

hospitalario, harmonía, humor, horta, humedecer, humidade, amigo, hostil, humanitario, infantil, heroe, ola.

16. Os nomes das construcións das fotografías son:

a) → hospital

b) → hórreo

A redacción das oracións é unha actividade persoal. A modo de exemplo, suxerimos:

- Fomos ao hospital para coñecer o noso curmán recén nado.
- O hórreo serve para protexer as colleitas de gran da humidade do chan.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/88022

Nesta páxina web encontraremos fichas descargables para practicar distintas letras.

Fixarémonos agora na que di "Palabras con h" e realizaremos as actividades propostas. Tamén podemos converter en ditado algunhas das frases que se traballan nestas fichas.

Libro digital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado de *Vocabulario* destas páxinas os nenos aprenderán o que son os sufixos e como se organizan no dicionario as diferentes acepcións dunha palabra. Realizarán para isto as seguintes actividades:

- Compleción dunah táboa con palabras ás que lles engadimos sufixos diminutivos e aumentativos.
- Identificación da acepción que lle corresponde a unha palabra procedente da lectura.
- Procura dunha palabra no dicionario e escritura das súas acepcións.

No apartado *Escribir* os nosos alumnos aprenderán a completar fichas de lectura. Realizarán para isto estas actividades:

- Ordenación da información contida nunha ficha de lectura.
- Elaboración dunha ficha de lectura sobre o último libro que leran.

Vocabulario

Aprenderás o que son os sufixos.

Os sufixos

Le as seguintes oracións:

A gata marrón ten unhas patas que parecen de chocolate.
A gata con raias ten unhas patiñas que parecen uns fíos.
A gata gris ten unhas patazas que parecen de elefante.



Os **sufixos** engádense ao final das palabras para dar información.

- Os sufixos **-iño**, **-iña** converten o significado das palabras en algo máis pequeno ou agarimoso. Son sufixos **diminutivos**.
- Os sufixos **-ón**, **-ona**, **-azo**, **-aza** converten o significado das palabras en algo máis grande. Son sufixos **aumentativos**.

17 Observa o exemplo e completa o cadro no teu caderno:

	casa	vestido	galleta	espello	nena	zapato
-iño/-iña	casiña	...	...	...	...	...
-azo/-aza	casaza	...	...	...	...	...
-ón/-ona	casona	...	...	...	...	...

Dicionario

No dicionario poden aparecer varias definicións que se chaman **acepcións**. Elixe a máis axeitada ao contexto no que usas a palabra.

18 Na lectura aparece varias veces a palabra **peto**. Cal destes significados lle corresponde?

peto *s.m.* 1. Hucha ou caixa onde se gardan as moedas. 2. Peza do vestido para gardar obxectos ou abrigar as mans. 3. Ave de cor amarela que fai buracos nas árbores para facer o seu niño. 4. Acción ou efecto de petar.

19 Busca a palabra **bico**. Escribe no caderno oracións coas diferentes acepcións que ten.

Solucións das actividades

Vocabulario

17. Debemos completar o cadro coa seguinte información:

vestido → *vestidiño, vestidazo, vestidón.*

galleta → *galletiña, galletaza, galletona.*

espello → *espelliño, espellazo, espellón.*

nena → *neniña, nenaza, nenona.*

zapato → *zapatiño, zapatazo, zapatón.*

18. O signficado que ten a palabra *peto* na lectura é o que corresponde á súa segunda acepción: "Peza do vestido para gardar obxectos ou abrigar as mans".

19. Actividade persoal. Un bico é un toque cun movemento de beizos, co impulso do amor ou do desexo e en sinal de amizade ou reverencia.

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	18	Identificar a acepción correcta nun diccionario dunha palabra concreta da lectura.
Intrapersoal	21	Elaborar seguindo as pautas precedentes unha ficha do último libro lido.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Aplicar coñecementos morfolóxicos sinxelos. Desenvolver a habilidade, a velocidade e a comprensión lectora.	Aplicar sufixos nunha serie de substantivos. Act. 18. Coñecer a acepción correcta nunha entrada de diccionario dunha palabra que aparece na lectura. Act. 18.
Aprender a aprender	Sintetizar e analizar información de maneira ordenada e lóxica. Aplicar pautas e indicacións xerais de comunicación a contextos concretos.	Ordenar os diferentes puntos que son necesiarios para facer a ficha dun libro. Act. 20. Elaborar unha ficha dun libro seguindo e aplicando as indicacións vistas previamente. Act. 21.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Escribir

Aprenderás a facer fichas sobre libros.

A ficha de lectura

Facer unha ficha dun libro é un xeito de colleitar e almacenar información. Fíxate neste esquema para elaborares a **ficha dun libro** que liches:

Tipo de ficha	Título do libro	Número de páxinas do libro
Nome e apelidos do/da autor/autora	Editorial, colección e outros datos	
Argumento		
Valoración persoal		

O tipo de ficha pode variar segundo a ficha que queiras facer (pode ser de resumo dun libro, de tipo de libro, etc.). Tamén podes facer fichas de películas.

20 Ordena a información da ficha deste libro no teu caderno:

Neste libro hai sesenta historias moi breves de diferentes animais. Entre estes animais atópanse o gato, a hiena, o camaleón, o león, o verme, o corvo, a ra e o crocodilo.

64 páxinas

Minimaladas

Libro

Carlos López

Ed. Xerais de Galicia, colección Merlín. Premio Merlín de Literatura infantil 2007.

Gustoume moito o libro porque son relatos breves que lin en momentos soltos. Rin moito coas historias dos diferentes animais pero a mellor historia é a do ourizo.

21 Fai unha ficha do último libro que liches na escola.

Escribir

20. Ordenamos a información da ficha do seguinte xeito:

Libro

Minimaladas

64 páxinas

Carlos López

Ed. Xerais de Galicia, colección Merlín. Premio Merlín de Literatura Infantil 2007.

Neste libro hai sesenta historias moi breves de diferentes animais. Entre estes animais atópanse o gato, a hiena, o camaleón, o león, o verme, o corvo, a ra e o crocodilo.

Gustoume moito o libro porque son relatos breves que lin en momentos soltos. Rin moito coas historias dos diferentes animais pero a mellor historia é a do ourizo.

21. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos aplicaranlles os sufixos diminutivos ou aumentativos ás palabras que seguen e indicarán que significado adquiren:

can, pequeño, pau, traste, mozo, mazo, grande, ra, miga, fraile, amigo, fío, muller, cama, poetisa, vila, vida, xente, feo, pálido.

Despois, poden escribir frases nas que apareza cada unha destas palabas.

Solución: A redacción das frases é unha actividade persoal. A forma final das palabras ás que lles engadimos os sufixos aumentativos e diminutivos é:

– Diminutivos: canciño, pequeniño, pauciño, trastiño, mociño, maciño, grandiño, ranciña, miguiña, frailiño, amiguiño, fiíño, mulleriña, camiña, poetisiña, viliña, vidiña, xentiña, feíño, palidiño.

– Aumentativos: canzazo, pequenazo, pauzazo, trastazo, mozazo, grandazo, ranaza, migaza, frailazo, amigazo, fiazo, mulleraza, camaza, poetisaza, vilaza, vidaza, xentaza, feazo, palidazo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/88025

Consultaremos esta páxina web, na que podemos practicar distintos tipos de sufixos e, especialmente, os aumentativos e diminutivos.

Os exercicios son de distintas tipoloxías e permiten decatarse claramente de que os sufixos serven para formar palabras novas. Formaremos máis palabras usando os sufixos que practiquemos.

Libro digital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado *Escoitar e falar* destas páxinas, os nenos aprenderán a falar sobre libros. Realizarán para isto estas actividades:

- Comentario oral do tipo de libros que nos gustan.
- Exposición oral dos datos que coñecemos acerca dun libro cola lectura da súa portada e da súa contraportada.
- Comentario oral das nosas impresións sobre o libro do que só coñecemos a portada.

No apartado *O trasno das palabras* os nenos terán que resolver as seguintes actividades:

- Identificación dos títulos de dous libros cuxas letras aparecen boca abaixo.
- Elaboración dunha caveira cunha cabaza a partir dunhas instrucións.
- Resolución dunha proba de eficacia lectora na que debemos recompor a orde dos versos dun poema.

Escoitar e falar

Aprenderás a falar sobre libros.

Falar de libros

Cando falas dalgún libro, sempre contas de que trata, quen foi o autor e os sentimentos que che provocou. Tamén podes contar se che gustou ou non e por que.

Ás veces, para entender mellor o argumento dun libro, é bo coñecer un pouco a vida do autor e a época na que foi escrito o libro.

Ao falar dun libro e explicar o seu argumento, podes mover as mans e facer xestos para darlle maior expresividade ao teu relato.

22 Gústanche os libros con debuxos, fotografías, etc.? Por que? Comentádeo na clase.

23 Le a información da portada e da contraportada deste libro. Cóntalle ao teu compañeiro ou compañeira os datos que podes coñecer:

- título • argumento • autor • personaxes • lugar da acción



Os irmáns Pillabáns

Marialena

Como poden tres piratas facer tantas trastadas ao longo dunha viaxe?

Barba Vermella, Pata de Pau e Barba Negra son irmáns. Non viviron xuntos cando eran pequenos pero as súas vidas cruzáronse cando buscaban tesouros por todas as illas do mundo.

Agora preparan a próxima saída nun novo barco pirata. O destino aínda está por decidir pero cada un dos irmáns ten unha prioridade diferente.

Barba Vermella quere navegar lonxe de Galicia, Pata de Pau quere atopar un tesouro en Galicia e a Barba Negra tanto lle dá.

Agora os tres irmáns viven xuntos diferentes aventuras nas illas atlánticas da nosa terra. Visitarán a illa de Cortegada onde farán novos amigos, descubrirán unha illa inexplorada preto da illa de Sálvora, atoparán outros piratas facendo o mesmo que eles na illa de Ons e... que pasará nas Cies?

Edicións Piruleta

Marialena

Os irmáns Pillabáns

Os irmáns Pillabáns

Marialena

Ilustrado por Rosanna Crespo

Edicións Piruleta

24 Gustaríache ler o libro anterior? Por que? Coméntao na clase cun compañeiro ou compañeira.

44 Tema 4

Solucións das actividades

Escoitar e falar

22. Actividade en grupo.

23. Actividade en parellas. A información que debemos comentar é a seguinte:

Título: *Os irmáns pillabáns*.

Argumento: resúmese na contraportada do libro.

Autor: Marianela.

Personaxes: Barba Vermella, Pata de Pau e Barba Negra.

Lugar de acción: Illas atlánticas de Galicia.

24. Actividade en grupo.

O trasno das palabras

1. Os títulos que debemos descifrar son estes:

– *Unha noite de meigas: o Samaín.*

– *Samaín: sube ao faiado do terror.*

2. Actividade persoal.

3. As parellas de versos que de-

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	22	Ecpresar oralmente os gustos sobre libros ilustrados.
	24	Expresar oralmente preferencias sobre libros.
Lingüística	O tr..., 1	Descifrar dous títulos de libros coas letras ao revés.
	O tr..., 3	Ler e ordenar un poema con versos desordenados.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Comunicarse con outras persoas de forma construtiva e eficaz coas fórmulas e o rexistro adecuado a cada situación comunicativa concreta.	Traballar a expresión oral falando de libros; comentar na clase os gustos sobre os libros con fotografíase ilusrtacións, e se querería ler un concreto . Act. 22, 24.
Conciencia e expresións culturais	Valorar as obras literarias e outras formas de manifestación cultural expresadas lingüisticamente. Aplicar criterios de creatividade e imaxinación na elaboración de debuxos e manualidades	Identificar os datos que se coñezan de información dun libro e os versos desordenados nun poema. Act. 23, O trasno..., Act. 3. Facer unha caveira de cabaza seguindo as instruccións. O trasno das palabras, Act. 2.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

O trasno das palabras

1 Descifra estes títulos e escríbeos no teu caderno:

SAMAÍN: SUBE AO FAIADO DO TERROR

UNHA NOITE DE MEIGAS: O SAMAÍN

2 Fabrica unha caveira. Se xuntas moitas será máis vistoso:

1. Colle unha cabaza.
2. Faille unha "boina" á cabaza por enriba (ten que ser un pouco grande para que poidas meter a man) e baleira o seu interior.
3. Alisa a base da cabaza onde vai ir colocada a candea.
4. Faille os buracos dos ollos, do nariz e da boca.
5. Podes adornala de moitas formas. Mete unha candea acesa no interior e xa está!

3 **Eficacia lectora.** O poema de Elsa Bornemann ten estrofas de catro versos desordenadas. Busca as parellas fixándote na rima e compón o poema:

Cos pelos de punta	a facermos a festa
e coa pel de galiña,	do deus Samaín.
Dos medos, curuxas,	xa a noite despunta
feitos que arrepían,	e o horror se aveciña.
Coas candeas acesas	nas noites escuras
desfilan caveiras	das carballeiras.
Todos xuntiños	fantasmas e bruxas
camiñamos, á fin,	tratará este día!

Fíxate
Despois recita o poema con voz tenebrosa.

Lectura recomendada

Carlos LABRAÑA: *Indo para o Samaín.*
A Coruña, Ed. Everest Galicia, 2011.

Estamos no outono, no día en que as cabazas celebran a súa festa: o Samaín. Mesmo unha cabaza pequecha e rabuda quere ir, pero non coñece o camiño. A mazaroca, a folla e as castañas axudaranlle a chegar á festa. Alí agárdanlle moitas sorpresas.

bemos formar son as que indicamos a continuación:

Cos pelos de punta
e coa pel de galiña
xa a noite despunta
e o horror se aveciña.

Dos medos, curuxas
feitos que arrepían,
fantasmas e bruxas
tratará este día!

Coas candeas acesas
desfilan caveiras
nas noites escuras
das carballeiras.

Todos xuntiños
caminamos á fin
a facermos a festa
do deus Samaín.

Actividades de reforzo

1. Organizaremos os nenos en parellas e pedirémoslles que imaxinen que son escritores para inventar o título dun libro que queiran escribir e un resumo do seu argumento.

Cuando decidan o título e o argumento, entregarémoslles unha cartolina rande para que deseñen nela a portada e a contraportada do seu libro seguindo o modelo da *Actividade 23* do apartado *Escoitar e falar*.

A final, un membro de cada parella mostrará o deseño da portada do seu libro e entre todos votaremos para elixir os tres que máis nos gusten.

Teremos que valorar a orixinalidade do título e do argumento e a calidade da ilustración que apareza na portada.

Solución: Actividade en parellas.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/88029

Leremos este artigo ou outros parecidos, sobre a procesión das caveiras en Catoira. Elaboraremos unha pequena ficha coa información que obteñamos sobre esta festividade.

Ao terminar, podemos preguntarlles aos nenos se lles gustan este tipo de celebracións e se algunha vez participaron nalgunha.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado *Aprendín* desta dobre páxina realizaremos actividades de repaso dalgúns dos contidos traballados ao longo da unidade:

- Formación de regras gramaticais sobre a composición dos plurais e escritura de exemplos.
- Compleción de oracións con nomes en singular e en plural.
- Clasificación de palabras segundo sexan ou non diminutivos ou aumentativos.
- Completar con **h** as palabras dunhas oracións nas que sexa necesario.
- Realización dun ditado.

No apartado *Avalío as miñas competencias* os nosos alumnos realizarán diversas actividades relacionadas coas bibliotecas:

- Identificación do que podemos encontrar nunha biblioteca.
- Identificación das normas que son correctas para usar unha biblioteca e das que non o son.
- Interpretación do plano dunha biblioteca.
- Análise das portadas dalgúns libros e identificación do tipo de lector ao que van dirixidos e da clase de libro que se trata.

Aprendín

1 Relaciona e escribe exemplos no teu caderno:

As palabras rematadas en -n — fan o plural en -is.
As palabras rematadas en -l — fan o plural en -es.
As palabras rematadas en -z — fan o plural en -s.
As palabras rematadas noutra consoante — fan o plural en -ces.

2 Le e completa no teu caderno con nomes en singular ou en plural segundo corresponda:

- Vin a … .
- Fixen os … .
- O … é novo.
- Merquei unhas … .
- Non esquezas as … .
- Teño moitos … .
- Leva un … e unha … .
- A … está apagada.
- Lin o … .
- Rematou os … .

3 Clasifica as palabras nunha táboa coma esta. Faino no teu caderno:

- castañazas
- mocetón
- cabaza
- camiño
- cousiña
- bagazo
- veciña
- balón
- casona
- biquiño
- liña
- festón

diminutivos	aumentativos	non son diminutivos	non son aumentativos
…	…	…	…

4 Escribe **h** nas palabras nas que sexa necesario. Faino no teu caderno:

- …Olga e María comen …ovos con patacas.
- A letra …ache non soa.
- …oxe …enrique viu unha …iena.
- A profesora de …istoria puxo un …exame.
- No parque …ai un can que xoga co seu …óso.

Ditado

Cando **vexas** que un bo **compañeiro** bota a rir, vai correndo por un bote vermello e garda nel a súa risa para que non voe co vento e non **rompa**.

Se un día **cambia** e se pon triste, **ábrelle** o bote e verás como volve sorrir.

46 Tema 4

Solucións das actividades

Aprendín

1. Formamos as regras gramaticais e suxerimos os seguintes exemplos:

– As palabras agudas rematadas en **–n** fan o plural en **–s** (camión-camións).

– As palabras agudas rematadas en **–l** fan o plural en **–is** (papel-papeis).

– As palabras agudas rematadas en **–z** fan o plural en **–ces** (rapaz-rapaces).

– As palabras agudas rematadas noutra consoante fan o plural en **–es** (flor-flores).

2. Actividade persoal.

3. Debemos completar a táboa cos datos que indicamos:

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	Ditado	Realizar un ditado, fixándose nas palabras destacadas, e autoavaliar os seus resultados.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Aplicar coñecementos adquiridos e xerar resultados novos. Valorar o ditado como técnica facilitadora da aprendizaxe. Coñecer e aplicar estratexias de traballo individual e autónomo.	Relacionar reglas de plurais e escribir exemplos. Apr..., Act. 1. Realizar un ditado e avaliar os seus resultados. *Ditado.* Coñecer as funcións, características, valores e estrutura das bibliotecas. Avalío..., Act. 1-4.
Conciencia e expresións culturais	Aplicar estratexias útiles de estudo e de aprendizaxe.	Coñecer as posibilidades e funcións da biblioteca. Av..., Act. 1-4.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Adoptar estratexias e recursos para desenvolver a propia capacidade de aprendizaxe.	Identificar os elementos dunha biblioteca e a diversidade e tipoloxía duns libros. Avalío..., Act. 1, 4.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectives de forma colaborativa.	Sinalar actitudes correctas e espazos nunha biblioteca. Av., 2, 3.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío as miñas competencias

1 Escribe no teu caderno o que podes atopar na biblioteca:

- revistas
- cartas
- DVD
- mapas
- axendas
- libros infantís
- CD-Rom
- enciclopedias
- dicionarios

2 **Traballo colaborativo.** Na biblioteca hai unhas normas. Copiade no voso caderno as que sexan correctas e corrixide as incorrectas:

- Non é necesario presentar o carné da biblioteca para o préstamo dun libro.
- Cando collas un libro, deixa os outros ben colocados.
- Podes escribir e debuxar nos libros.
- A biblioteca é un lugar silencioso e tranquilo.

3 Observa o plano e indica no teu caderno onde debes ir para:



1. Traballo en equipo
2. Sala de vídeo
3. Sala de obradoiros
4. Revistas e xornais
5. Arquivos multimedia
6. Libros
7. Consulta do catálogo
8. Devolución e préstamo
9. Lectura e estudo

- Devolver un libro de aventuras.
- Consultar o dicionario en liña.
- Facer un traballo en grupo.
- Ver un documental de animais.
- Estudar a lección de lingua.
- Participar na sesión do contacontos.
- Comprobar se o libro que queres está dispoñible.
- Consultar un artigo do xornal.

4 Le os títulos dos libros e observa as portadas. Indica a idade aproximada do lector ao que van destinados e que tipo de libro é cada un deles. Xustifica a túa resposta:

a

b

c

d 

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/41580

Encontramos nesta páxina web algúns exercicios para que os nosos alumnos poñan en práctica os seus coñecementos sobre a formación do plural.

Podemos realizar as actividades propostas que, ademais, son autoavaliables e permítenlles aos nenos valorar o seu progreso na aprendizaxe dos distintos conceptos.

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– Diminutivos: *cousiña, biquiño.*
– Aumentativos: *castañazas, mocetón, casona, festón.*
– Non son diminutivos: *liña, camiño, veciña.*
– Non son aumentativos: *cabaza, bagazo, balón.*

4. Completamos as oracións do xeito que indicamos:

– Olga e María comen ovos con patacas.
– A letra hache non soa.
– Hoxe Henrique viu unha hiena.
– A profesora de historia puxo un exame.
– No parque hai un can que xoga co seu óso.

Avalío as miñas competencias

1. Podemos atopar nunha biblioteca: revistas, DVD, mapas, libros infantís, CD-Rom, enciclopedias e dicionario.

2. Copiamos as normas correctas e corriximos as incorrectas:

– É necesario presentar o carné da biblioteca para o préstamo dun libro.
– Cando collas un libro, deixa os outros ben colocados.
– Non podes escribir e debuxar nos libros.
– A biblioteca é un lugar silencioso e tranquilo.

3. Os lugares nos que debemos realizar as actividades indicadas son:

– Devolver un libro […]: 8
– Consultar o diccionario […]: 5.
– Facer un traballo en grupo: 1.
– Ver un documental […]: 2.
– Estudar a lección de lingua: 9.
– Participar na sesión do […]: 3
– Comprobar se o libro […]: 7.
– Consultar un artigo […]: 6.

4. Actividade persoal. Suxerimos:

a) Conto de aventuras para nenos.
b) Obra de teatro para adultos.
c) Conto infantil.
d) Novela de aventuras para nenos maiores de 11 anos.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/41580	http://www.xente.mundo-r.com/tintarras/exercicios/nome/plural/Plurais3.htm?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/42261	http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfoloxia/subs_adx.htm?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/88020	http://www.blogoteca.com/bbs/index.php?cod=42339&utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/88022	http://centros.edu.xunta.es/ceipdefrions/webantiga/descarga/ortograg.htm?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/88025	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/aulavirtual/file.php/1/Libros_Lim/Lim_galego_5/galego_tema8/vocabulario_tema8/vocabulario_tema_8.html?utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/88029	http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2010/11/01/caveiras-asustan-catoira/486648.html?utm_source=tiching&utm_medium=referral

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES